

Conspiración contra o silencio

Proxecto: María Castellanos e Iván Rodríguez

Performers: María Castellanos e David Crespo

Partimos do bucle, do xesto mil veces repetido. Ao comezo, a sala baleira, un proxector emite sen cesar un loop de imaxes apropiadas do mudo televisivo, estereotipos da imaxe mediática, a carta de barras de cor, a caixa de música, os debuxos animados etc. Todo iso ensamblado a través da neve, do ruído televisivo, da interferencia constante.

María mastiga as follas publicitarias dunha revista, lentamente mastiga e cuspe, mastiga e cuspe, un ritual repetido no mundo da performance unha e outra vez. David, conciencia e consciencia, desdobra cada fragmento mastigado, coidadosa e lentamente e vólvellos pasar. María mastiga e cuspe. Os dous seguen atentos á pantalla da televisión onde supoñemos que continúa o bucle televisivo que se proxecta ás súas costas. María mastiga e cuspe, David novamente recolle o material e como compost vaino introducindo nunha maceta onde finalmente porá unha planta, regará e colocará coidadosamente sobre o televisor.

O achegamento aos medios de comunicación de masas realizado nesta acción en principio parece inxenuo, a repetición dunha acción tópica e repetida centos de veces ao longo da historia da performance, conformada na acción de esmiuzar e assimilar o bombardeo dos medios de comunicación e remarcado pola nosa inconsciencia da percepción do medio publicitario. «Somos o que comemos», frase publicitaria moi na moda nestes momentos, recolle o espírito deste achegamento ao mundo da comunicación.

Pero se o eixe desta acción pode resultar tópico, os quebrantamentos que a conforman xeran unhas lecturas contraditorias que amplían o marco dos significantes e xeran un labirinto sen saída aparente. María mastiga e cuspe, pero ao seu lado David, despois de desdobrar coidadosamente o material resultante, devólveo para que María e o público o volvan elaborar. Como consciencia David avísanos e proponnos segundas lecturas. En performances similares o feito de mastigar o papel da publicidade adoita remitir á imposibilidade de xerar outro discurso diferente do que os medios imponen, aquí ese discurso convértese en material base para a elaboración do compost, onde podemos plantar novas ideas que convertan o material debidamente elaborado en materia base de creación.

Finalmente un novo quebrantamento, David rega a planta e colócaa como adorno enriba da televisión. Esas expectativas que o discurso anterior parecía propoñer como saída digna do proceso de elaboración do asimilado para reconvertelo en material creativo, péchansenos ao propoñernos como final do proceso o integrar a planta, froito da nosa asimilación do material publicitario, como parte e adorno do tótem comunicativo que é o televisor e que substitúe as figuras do touro e a bailaora flamenca que antano decoraban os televisores.

Quédanos a pregunta: a planta era de plástico?